

ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONSORCIOS

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA

Aprobación definitiva orzamento 2014

Anuncio :

Habéndose elevado automaticamente a definitivo o acordo plenario adoptado en sesión celebrada o día 08 de novembro de 2013 sobre aprobación inicial do Orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento de A Coruña para o exercicio de 2014 xunto coa plantilla de persoal (B.O.P núm.: 223, do 22 de novembro de 2013), en cumprimento do disposto polo art. 169.3 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, fanse públicos os seguintes extremos: o resume por capítulos do Orzamento para 2014, a Plantilla do Persoal (I) e o réxime de aplicación e recursos (III):

I. RESUME DO ORZAMENTO PARA 2014:

ESTADO DE INGRESOS			ESTADO DE GASTOS		
OPERACIÓN NON FINANZEIRAS:					
I	Impostos Directos	0,00	I	Gastos de Persoal	293.911,67
II	Impostos Indirectos	0,00	II	Gastos en bens correntes e servizos	8.128.816,41
III	Taxas e outros ingresos	1.842.372,52	III	Gastos Financeiros	7.200,00
IV	Transferencias correntes	6.812.014,96	IV	Transferencias correntes	218.415,64
V	Ingresos Patrimoniais	7.200,00			
VI	Venta de inversións reais	0,00	VI	Inversións reais	13.243,76
VII	Transferencias de capital	0,00	VII	Transferencias de capital	0,00
OPERACIÓN FINANZEIRAS:					
VIII	Activos Financeiros	0,00	VIII	Activos Financeiros	0,00
IX	Pasivos Financeiros	0,00	IX	Pasivos Financeiros	0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		8.661.587,48	TOTAL ESTADO DE GASTOS		8.661.587,48

II. PLANTILLA DE PERSOAL:

1. Funcionarios de carreira:

DENOMINACIÓN	PRAZAS	GRUPO	NIVEL	ESCALA	SUBESCALA	SITUACIÓN	FORMA DE PROVISIÓN
		SUBGRUPO			CATEGORÍA		
Secretaría - Intervención	1	A	26	Habilitación Estatal	Secretaría -Intervención	Cuberta	Concurso ordinario ou unitario
		A1/A2			Terceira		

2. Persoal laboral fixo:

DENOMINACIÓN	PRAZAS	CATEGORÍA	C.C.	OBSERVACIÓN	SITUACIÓN	FORMA DE PROVISIÓN
Xerente	1	III.1	28	Especial Dedicación	Cuberta	Concurso - oposición libre
Suboficial Coordinador Servizo	1	III.2	22	Xornada 37,5 h/sem. Variable	Cuberta	Concurso - oposición libre
Administrativo - Contable	1	III.4	18	Xornada 37,5 h/sem.	Cuberta	Concurso - oposición libre
Auxiliar administrativo	1	IV.4	14	Xornada 37,5 h/sem.	Cuberta	Concurso - oposición libre

III. ENTRADA EN VIGOR DO ORZAMENTO E DA R.P.T. E RÉXIME DE RECURSOS:

O Orzamento de 2014 desta Entidade, entrará en vigor para a súa aplicación o día 01 de xaneiro de 2014 unha vez producida a presente publicación consonte prevé a estes efectos o art. 169.5 do citado texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e demais disposicións concordantes.

Contra a aprobación definitiva do dito Orzamento e documentos que o mesmo inclúe, poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal e na forma e prazos que establece a estes efectos a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen que dita interposición implique, por si mesma, a suspensión do orzamento definitivamente aprobado ou a súa inexecución, así mesmo, poderán interpoñerse cantos outros recursos ou accións procedan en Dereito.

Carballo, 16 de decembro de 2013.-

O presidente,

Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez

2013/15846